


Da arte sonora e da música contemporánea

Ciclo organizado polo Grupo de Investigación DX7
en colaboración con Vertixe Sonora
Coordinación: Ignacio Barcia / Ramón Souto
Facultade de Belas Artes de Pontevedra



Grupo de investigación DX7



vertixe
sonora



be  Berlin
Senatskanzlei
Kulturelle Angelegenheiten

Unidade de Igualdade
Universida_de_Vigo

Vicerreitoría
do Campus de Pontevedra
Universida_de_Vigo

Facultade de Belas Artes
Universida_de_Vigo

A retroalimentación nos procesos de creación sonora

| |
|---|
| LUC DOBĚREINER |
| |
| Vernes 30 setembro de 16:00 a 21:00 hrs. e sábado 1 de outubro de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 hrs. <p>Facultade de Belas Artes</p> Obradoiro |
| Duración: 12 horas |
| Idiomas: castelán/inglés |
| Prazas limitadas (dirixido con prioridade ao alumnado de doutoramento, máster e últimos cursos de grao) |
| Inscricións na Secretaria do Decanato |
| Co patrocinio do Goethe Institut e o Berliner Senatskanzlei |
| Kulturelle Angelegenheiten |

Partindo do uso da retroalimentación nas súas propias composicións, o compositor Luc Doběreiner plantexa un obradoiro sobre a xeración de sons e timbres complexos baseada en estruturas auto-referenciais. Investigarase como simples redes de sinais poden dar orixe a estruturas impredecibles e dinámicas, e como os espazos e os obxectos poden ser explorados usando a retroalimentación. Por medio de exemplos simples mostraranse tres enfoques: 1. a retroalimentación no espazo, 2. a retroalimentación nun corpo ou instrumento e 3. a retroalimentación puramente dixital. Devanditos enfoques exemplificaranse por medio da análise e revisión de obras de varios compositores. O obradoiro inclúe unha introdución básica ao programa de código-aberto SuperCollider que será a ferramenta principal. Como parte do obradoiro os participantes desenvolverán e presentarán os seus propios proxectos. Non son precisos especiais coñecementos previos musicais ou informáticos.

Luc Döbereiner. Berlín, 1984

Compositor e investigador berlinés. Cursou estudos de licenciatura e mestrado no Instituto de Sonoloxía da Haia e fixo o seu doutoramento na Universidade de Música e Artes Dramáticas de Graz. O seu traballo trata a relación entre os aspectos materiais e os aspectos ideais do son na composición. O seu pensamento artístico confórmasse na oscilación entre a teoría estética, o desenvolvemento tecnolóxico e a praxe compositiva. Entre os seus profesores cóntanse Gerhard Eckel, Richard Barrett, Kees Tazelaar, Karlheinz Essl, Clarence Barlow, Konrad Boehmer e Paul Berg. Döbereiner publicou en revistas científicas como Acta Musicologica, Computer Music Journal, Contemporary Music Review e kunsttexte.de.

Recibiu premios e bolsas do Conservatorio Real da Haia, do Ministerio de Economía e Investigación de Austria, de STEIM Amsterdam, do Senado de Cultura de Berlín e residencias en ROLDO Graz, ZKM Karlsruhe, Künstlerhaus Schleswig-Holstein e no Centro Tedesco dei Studi Veneziani. Traballou con ensembles como Unitedberlin, Ensemble Werktag, Sond'Ar-te, International Ensemble Modern Academy e Modelo62. As súas composicións presentáronse en Alemaña, Austria, Suíza, Os Países Baixos, Portugal, España, Francia, Eslovenia e Os Estados Unidos.

http://www.doebereiner.org

Correspondencias

| |
|--|
| GERALD ECKERT |
| |
| Martes 4 de outubro as 13:00 hrs. Espazo 16 <p>Facultade de Belas Artes</p> Conferencia aberta |
| Co patrocinio do Goethe Institut |

A conferencia de Gerald Eckert tratará as correspondencias entre estruturas musicais (elementos formais) e debuxos. Especialmente o concepto de textura e espazo na música e o concepto de estrutura e espazo nos seus propios debuxos. En particular, falará do seu ciclo coreano de debuxos en tinta, creado nos anos 2012/13. Os debuxos de tinta dese ciclo son principalmente collages. Sobre a base destes exemplos é posible mostrar a «función» do espazo e a súa relación coas estruturas formais. Tamén algúns elementos da súa música serán ilustrados na mesma dirección.

Gerald Eckert. Nuremberg, 1960

Estuda violoncello e dirección. Posteriormente cursará Matemáticas en Erlangen e, de 1989 a 1995, Composición, primeiro con Wilfried Jentzsch e Walter Zimmermann, e despois con Nicolaus A. Huber, e por último Composición Electroacústica con Dirk Reith na Folkwang-Hochschule de Essen.

Asistiu a cursos de composición con Brian Ferneyhough e Jonathan Harvey. Entre 1996 e 1997, pasou un ano como investigador no CCRMA de Stanford University nos Estados Unidos. En 1998, foi profesor no Curso Internacional de Verán para a Nova Música de Darmstadt e no Festival Akiyoshidai no Xapón. En 2000-2001 foi profesor convidado de Composición e Arquitectura na Technische Universität Darmstadt.

En 1995 recibiu unha bolsa da Fondation Royaumont (Francia) e en 1999 unha bolsa da Heinrich-Strobel-Foundation. Foi compositor en residencia nos Tage für Neue Musik de Zúric en 2006. Ademais, desenvolveu unha variedade de proxectos multimedia con danza, vídeo e instalacións interactivas, como, por exemplo, a Dance project co bailarín e coreógrafo Mikael Honesseau en 2011.

Gerald Eckert recibiu numerosos premios e galardóns, entre eles o Premio C. Gulbenkian (Lisboa, 1993), o Premio Kranichstein (Darmstadt, 1996), primeiro premio en Bourges 2003, primeiro premio no Concurso de Composición de Stuttgart 2005 e bolsas para o Centro Tedesco en Venecia 2006, Schreyahn 2009, Villa Aurora (Os Ánxeles, 2010), Villa Serpentara (Olevano Romano, Roma, 2010), Künstlerhaus Lukasen (Ahrenshoop, 2013) e un segundo premio do Festivals SYNC (Yekaterinburg, Rusia, 2015).

En 2013 a editorial Wolke publica un monográfico co título An dean Rändern deas Maßé - der Komponist Gerald Eckert (Nos límites da dimensión – o compositor Gerald Eckert).

Desde 1989 traballa nas súas propias pinturas e organizou unha serie de exposicións e instalacións desde 1994. En 1995, 2006 e 2014 publicou relevantes catálogos.

Gerald Eckert é cofundador dos festivais Chiffren (Kiel, 2006) e ProvinzLärm (Eckernfoerde 2007, 2009, 2011, 2013 e 2015). De 2012 a 2014, Gerald Eckert foi profesor de Composición na Chung-Ang University en Seúl (Campus Anseong, Corea do Sur).

http://www.geraldeckert.com

Creatividade Sonora

| |
|--|
| MICHELLE AGNES |
| |
| Mércores 12 de 12:00 a 14:00 hrs. e xoves 13 de outubro de 10:00 a 14:00 hrs <p>Facultade de Belas Artes</p> Obradoiro |
| Duración: 6 horas |
| Idiomas: portugués/francés/inglés |
| Prazas limitadas. Inscricións na Secretaria do Decanato. |
| Co apoio da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo |

Este obradoiro ten como obxectivo introducir á experiencia da creación sonora. Centrámonos en tres aspectos que están profundamente conectados na praxe musical :

1. escoitar sons, a imaxinación

2. Son, soar

3. Facer.

Tamén explicará o proceso de creación da súa nova para intérprete, luvas, obxectos e electrónica que estreará Vertixe Sonora no 2017

O obradoiro terá un enfoque práctico: facer música a través de actividades baseadas na percepción musical, a discusión en grupo e a improvisación colectiva libre. Non se precisan especiais coñecementos musicais previos.

Michelle Agnes Magalhaes. Campo Grande, Brasil. 1979

Doutoramento pola Universidade de Sao Paulo (USP, Brasil), e mestrado da Universidade de Campinas (UNICAMP, Brasil).

A súa formación musical comezou á idade de seis anos, estudando piano na súa cidade natal. Desde entón, o piano xogou un papel crave no seu desenvolvemento como música, improvisadora e compositora. O seu primeiro profesor de composición foi H. J. Koellreutter, no 1994. Continuou estudos na Universidade de Campinas, con José Antonio de Almeida Prado, Livio Tragtenberg e José Augusto Mannis.

No 2003, despois de obter a súa licenciatura en composición, outorgóuselle a bolsa Unesco-Aschberg para artistas novos. Traballou como compositora en residencia no IMEB (Instituto Internacional de Música Electroacoustique de Bourges, Francia), con Françoise Barrière, Christian Clozier e Alexander Mihalic. Entre 2009-2011 fixo moitos concertos de improvisación libre co Colectivo Abaetetuba (Thomas Rohrer e Panda Gianfratti). No mesmo periodo comeza a tocar en dúo co baixista Celio Barros.

http://michelleagnes.net

sndtrck

| |
|--|
| EDUARDO MOGUILLANSKY |
| |
| Mércores 2 11:00 14:00 hrs e Xoves 3 de Novembro 10:00 a 15:00 <p>Espazo 25</p> Facultade de Belas Artes |
| Obradoiro |
| Duración: 8 horas |
| Idiomas: español/alemán/inglés |
| Prazas limitadas. Inscricións na Secretaria do Decanato. |

Obradoiro sobre paisaxe sonora / tradución onde Eduardo Moguillansky exporá a maquinaria utilizada para a súa obra SNDTRCK e os fenómenos acústicos sobre os cales se fundamenta a súa investigación. Ademáis mostrará outros enfoques en relación á idea de transcripción no ámbito da creación sonora contemporánea. En función da cantidade de participantes proporáanse ademáis actividades concretas sobre o tema «resíntese»:

- Transcripción musical por computador de sons complexos.
Introducción ao software «sndtrck» (creado polo compositor).

- Control en tempo real dun piano midi como instrumento de resíntese de linguaxe (similar ao dispositivo utilizado por Peter Ablinger en numerosas obras).

Eduardo Moguillansky. Bos Aires, Arxentina, 1977

Estudou piano con Aldo Antognazzi e Composición e Dirección Orquestral na Universidade Católica Arxentina. Continuou estudando dirección na Universität Mozarteum Salzburg con Dennis Russel Davies e Jorge Rotter. Logo continuo os seus estudos de composición na Musikhochschule Suttgart con Marco Stroppa e en Frankfurt con Beat Furrer.

Moguillansky recibiu numerosos premios e estipendios. Entre eles: Premio de Composición da Südwestrundfunk Orchester, Premio Bärenreiter, Impuls Kompositions Wettbewerb (Viena), Premio Intersonanzen de Brandenburg, Premio de Composición de Ópera Fux (Graz), Forum Jeune Creation. Recibiu bolsas da Akademie Schloss Solitude, Herrenhaus Edenkoben, Künstlerhof Schreyahn, Fundación Antorchas e dos Darmstädter Ferienkurse.

Recibiu encomendas de institucións e festivais como os Donaueschinger Musiktage, Klangforum Wien, Ernst von Siemens Musikstiftung, Wittener Tage für Neue Kammermusik, MaerzMusik, Ultraschall Berlin, Musica Viva (Munich), Acht Brücken (Colonia), Biennales Musiques en Scène (Lyon), Outono en Varsovia. Ademáis as súas obras foron programadas en festivais como Wien Modern, os Cursos de Verán de Darmstadt, Aix-en-Provence, Gaudeamus, Music of Estafe (Finland), e nos abonos do Klangforum Wien, do Ensemble Mosaik (Berlín) e do Ensemble Modern (Frankfurt), entre outros.

A súa música foi levada a CD polo Ensemble Modern (EM-CD), o Ensemble Mosaik (Wergo, Deutschland RadioKultur) e o Klangforum Wien (NEOS).

http://www.moguillansky.info